

## PARA QUE (FINALIDADE)

Documento que acredita a residencia e o domicilio das persoas empadroadas no concello, así como outros datos referentes ao empadramento e que figuran no padrón municipal.

A cidadanía poderá elixir o tipo de certificado que precise, segundo a seguinte clasificación:

- Certificado de Empadramento Individual

Documento que acredita os datos padronais a data da solicitude

- Certificado de Empadramento Colectivo

Documento que acredita os datos padronais de todas as persoas que están actualmente empadroadas no mesmo domicilio (Consultar información adicional)

- Certificado de Empadramento Histórico

Documento que acredita e informa sobre os distintos movementos e domicilios do empadramento do solicitante no concello dende la última renovación padronal o 01/05/1996.

- Volante de empadramento

Documento informativo que indica a residencia no municipio e o domicilio habitual do habitante.

## QUEN PODE PRESENTAR UNHA SOLICITUDE

Todas as persoas que estean ou estiveron empadroadas no concello.

## COMO E ONDE FACER O PROCESO

### **Solicitudes de certificados para habitantes que constan empadroados**

- De xeito presencial

Nos lugares e horarios que se indican

- Departamento de Estatística-Padrón Municipal  
Praza do Concello núm. 2 – Bertamirans
- Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAMR) en Milladoiro  
Rúa Agro do Medio núm. 8 A – O Milladoiro

- Mediante correo electrónico

- Achegará escaneada a solicitude e a documentación correspondiente, enviándoa ao correo electrónico de [padron@concellodeames.gal](mailto:padron@concellodeames.gal)

- Por teléfono

Chamando aos teléfonos Departamento Estatística: 881 074 711 – 881 074 707 – 881 704 709

- De xeito telemático

A través da sede electrónica deste concello, se dispón de certificado dixital.

- Por calquera dos sistemas establecidos no artigo 16 de la Lei 39/2015, dO 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas

## Solicitudes de certificados históricos para habitantes que xa no constan empadroados

- De xeito presencial

Presentando a instancia específica nas oficinas de rexistro

- Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAMR) en Bertamirans  
Praza do Concello núm. 2 – Bertamirans
- Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAMR) en Milladoiro  
Rúa Agro do Medio núm. 22 – O Milladoiro

- De xeito telemático

A través da sede electrónica deste concello, se dispón de certificado dixital.

- Por calquera dos sistemas establecidos no artigo 16 de la Lei 39/2015, d0 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas

### DOCUMENTACIÓN

1.- Impreso de solicitude de certificado debidamente cumprimentado e asinado.

2.- Se solicita o envío do certificado por correo postal á dirección do empadramento, non é necesario que aporte documentación.

Para as certificacións colectivas se non consta no departamento a correspondente autorización, a certificación que se enviará por correo postal será únicamente cos datos do solicitante.

3.- Nos solicitudes presenciais e nas recibidas por correo electrónico é necesario achegar a documentación que se indica a continuación:

3.1.- Se o solicitante do certificado é a persoa interesada, presentará o seu documento de identidade en vigor (DNI, pasaporte, tarxeta de estranxeiro, documento de identidade e certificado de rexistro de estranxeiros se é nacional da Unión Europea)

3.2.- Solicitude de certificados de menores non emancipados: serán solicitados por algún dos sus representantes ou titores legais

- O solicitante do certificado está empadroado co menor: presentará o seu documento de identidade e o libro de familia ou certificación literal de nacemento.
- O solicitante do certificado non está empadroado co menor: presentará o seu documento de identidade e a correspondente autorización do titor ou representante legal con quen o menor estea empadroado, presentando os documentos de identidade de ambos (representante ou titor legal e do menor)

3.3.- Se a solicitude da certificación a realiza un representante

No caso de que a solicitude do certificado sexa realizada por outra persoa distinta do titular do documento:

- Achegarase **autorización** escrita do interesado, debidamente dilixenciada, na que se especifique o procedemento para o que se concede a autorización, presentando os documentos de identidade (do representante e do representado) (Modelo para descargar en documentos)

- Se o/a solicitante consta empadroadado/a no mesmo domicilio e marcaron na folla padronal o apartado de “autorización a expedición de documentos de empadramento a calquera persoa maior de idade”, dato que se comprobará no momento de presentar a solicitude, non será necesario achegar a autorización do titular.

Cando xurdan dúbidas na acreditación da representación polo autorizado ou esta non fose acreditada, o concello queda facultado para solicitar a documentación que considere oportuna e poderá, se así o considera, remitir o certificado de empadramento ao enderezo do interesado.

#### 4.- Para obter o certificado **histórico do padrón de habitantes**

- 4.1.- Certificado histórico para unha persoa que xa non está empadroadada actualmente no concello (baixa por traslado, caducidade ou inclusión indebida)

Xunto coa solicitude achegarase o documento de identidade en vigor.

- 4.2.- Para obter o certificado do padrón histórico dunha persoa falecida

Achegará o documento de identidade tanto do solicitante como da persoa falecida, así como o certificado de defunción expedido polo Rexistro Civil ou a páxina do libro de familia en que estea inscrito a defunción.

Cando o solicitante sexa unha persoa xurídica (por exemplo, unha axencia) ou outros profesionais (por exemplo, un avogado), achegaranse os documentos que acrediten que actúa en representación dos lexítimos interesados.

Ademais, presentárase un documento que acredite o interese lexítimo, como poden ser, entre outros:

- Se o solicitante é o cónxuxe: libro de familia ou certificado de matrimonio
- Se o solicitante é fillo/a ou pai/nai: libro de familia ou partida literal de nacemento
- Se quen o solicita é herdeiro testamentario: testamento e/ou certificado de última vontade

Se a representación ou o interese lexítimo para a solicitude do certificado non está suficientemente acreditado, o concello poderá solicitar documentación complementaria no seu caso.

#### INFORMACIÓN ADICIONAL

- O prazo de validez dun certificado é de tres meses dende a súa expedición.

- Nos certificados colectivos, segundo a normativa vixente, figurarán os datos de todas as persoas que figuren empadroadas no domicilio se coa solicitude de certificación acompañan a correspondente autorización de todos os maiores de idade (sempre que a vivenda non sexa colectiva) e no caso de menores, a autorización dos seus titores ou representantes legais. Coa autorización achegaranse os documentos de identidade correspondentes a cada habitante. (Modelo para descargar en documentos).

De non achegarse a correspondente autorización, só figurarán os datos do solicitante, reflectindo na certificación o número de persoas que están empadroadas no domicilio.

Unha vez que a autorización estea en poder do departamento, non é necesario presentala para futuras solicitudes sempre que non se modifiquen os seus datos.

As certificacións colectivas expediranse cando sexa necesario para a tramitación do procedemento administrativo correspondente, xa que contén datos de terceiros protexidos pola normativa de protección de datos de carácter persoal.

## NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo.

Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Real decreto 2612/1996, do 20 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público

Resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal.

## MODELO DE DOCUMENTOS

- Solicitud certificado empadramento
- Solicitud certificado empadramento histórico
- Autorización para certificacións colectivas
- Autorización representante